

-EMBALSE DE BELESAR-

No ano 1.963 remataban as obras do embalse de Belesar, coma consecuencia dese acontecemento cerraron as comportas do muro de contención, cortando o paso, aínda que temporalmente, das augas do río Miño, entón o nivel das mesmas comezou a rubir e rubir, até acadar a altura, previamente establecida. Progresivamente, ese xigantesco elemento líquido foi anegando todo, as casas de tantos lugares, frondosos vales e viñedos, igrexas, capelas, pontes, fornos, muíños e tantas e tantas cousiñas máis. Cantas ilusións, canta afectividade foron anegadas para sempre!

Despois de corenta e oito anos de anegamento, por mor dunha revisión do muro de contención e turbinas, aproveitando o tempo de primavera e verán, do ano 2011, o nivel das augas do embalse foi baixando, progresivamente, até acadar case o antigo caudal do río Miño.

Tódalas persoas que naceron despois da devandita data do ano 1.963 non puideron coñecer todo aquilo que quedou asolagado, o pouco que sabían era de oídas; nembargantes, agora, nunha situación excepcional, si



teñen a oportunidade de gozar do privilexio de visitar e contemplar tanta vida que, un lonxano día quedou anegada, sacando conclusións a nivel persoal, dende a perspectiva dun colosal cemiterio, onde repousan os restos de tantos seres vivos e inertes, un impresionante espectáculo, aínda que, en certo modo, con aspecto desolador, é digno de ver. Canto máis se profundiza no análise de canto se ve ,imaxinando como foi en tempos pretéritos e como é agora, máis interesante resulta.

Para cantos foron vítimas da expropiación a contemplación, despois de tantos anos, recordando ó que foi e ver ó que queda é coma unha viaxe o pasado, na dúbida de se é real ou pura fantasía. Resulta fascinante a contemplación de tantas árbores, castiñeiros, alcornoques, ameneiros, freixos.....cadáveres dende fai corenta e oito anos que, aferrados a terra, mantéñense de pé, coma se tiveran vida. As cepas que plantaron os nosos devanceiros, non só manteñen a verticalidade, a maiores, conservan a simetría; nembargantes, cando recordo aqueles



*bancais cubertos de vides
ateigadas de ácios, e miralos
agora, xa un pouco derruidos
os socalcos e lastrados dunha
capa de lodo; ese contraste
do que foi e do que é, dame
sensación de morriña, ése
sentimento de culpabilidade,
polos estragos que fai o home
nese afán desmedido na
destrucción do hábitat que
Deus nos concedeu, para*

*vivir felices;
parece increíble
como todo se
esfiacha, en nome
do progreso.*

*Falando con
algunhas persoas,
afectadas polas
expropiacións,
observei un dato
sumamente curioso,
a conservación do
sentido de
propiedade do que
un día tanto
amaron, esa
profunda saudade
esperta neles ese
sentimento afectivo
de que,
moralmente,,
seguen sendo os
verdadeiros donos
de canto lles
arrebataron, según
eles, inxustamente.*



*Non me sorprende, naquela acción non se tivo en conta un aspecto moi
importante, o valor afectivo, iso non se paga con cartos, é unha parte da
vida dos afectados.*

*Nunha panorámica dese museo de esqueletos, a tristura de canto se
ve invade a nosa mente, inconscientemente, retornamos o pasado, nos*

lugares anegados había casas, nas casas había familias, formadas por persoas de tódalas idades, a maior parte das terras estaban cultivadas; nos fornos cocíase o pan; nos hórreos gardábase o millo; os castiñeiros daban castañas; os carballos daban belotas; nos bancaís medraban as cepas, cargadas de ácios; nas adegas repousaban as cubas, e nas cubas durmía o viño.....A vida fervía en cada recuncho. Se recordamos o pasado o presente resulta tétrico. A vida é un raio de luz, a morte, a escuridade eterna. Cando volte ao nivel normal, voltará o anegamento, outros 48 anos. Velaí a importancia que teñen as fotos feitas neste lapso de tempo, que se adxuntan. Nun percorrido polas terras anegadas párome en



Muíño de Ribó

algúns dos lugares, condenados o anegamento, ruínas accidentalmente liberadas, por un tempo, das augas asasinadas. Comezo polo muíño de Carballós, na parroquia de Xián, tanto que moeu coa auga, agora repousa nela; corre a mesma sorte ó de Ribó, asolagado co lugar; chama a atención a nomeada casa dos arcos, un na fachada principal e outro na parte posterior, aínda hoxe se aprecia a perfecta construción dos mesmos, digna de mención é a coñecida casa do Hermida, preciosa mansión, emblemática nas reibeiras do Miño, que foi tamén engulida polo

embalse de Belesar, na compañía dos aderezos adxacentes: Muíño, forno, hórreo e tantas cousiñas máis. Deseguida atopo cos restos dun castro celta, antes de acada-la Viña, outra casa de élite, co seu famoso muíño, un dos máis carismáticos do noso concello. Logo, de pronto as ruínas dun lugar entrañable, nas terras de San Vicente campaba Mourulle, paisaxe paradisiaca, aínda os restos que quedan reflexan o atractivo dunha beleza excepcional, a casa de Soto, a casa do Mallariz, recordadas coma grandes casas de labranza, entre outras tres ou catro máis, a igrexa,todo quedou completamente asolagado. Lugares para amar, vivir, soñar.....Cantas ilusións, cantos amores, canta sublimidade, en vales

de tanta afectividade.....! Lembro aqueles versos que un día lle dediquei o Santo Patrón:

*Dominios de San Vicente,
así lo manda la ley,
si brilla el Sol naciente,
el Santo gana el buey.*

Non é frecuente que os santos lles esixan responsabilidades, pero no caso da parroquia de Mourulle, según unha vella tradición, cuxa orixe se perde na lonxanía do tempo, se o día da festa de San Vicente, Patrón desta parroquia, 22 de xaneiro, o Sol saía o Santo gañaba o boi, pero se permanecía nubrado toda a xornada, o Santo nada gañaba.


Seguindo cauce abaixo aterrei nas ruínas do lugar de Pincelo, porto das barcas, para pasar persoas e gando a outra beira do río.. Das barcas xa non queda nada, pero contemplo os restos das dúas vivendas do lugar, casa do Lavanco e casa do Souto. Foron valentes barqueiros,/ nas barcazas de Carballo,/ cantas veces os viaxeiros/ era xente do trangallo./ A miña imaxinación viaxa ao pasado, coñecín aos veciños, especialmente, ao fillo do matrimonio Lavanco, se amigos foron os pais o fillo foi entrañábel, ademáis, ex -alumno Canto disfrutaría, Xosé Antón, collido da man da sua dona,



Tereixa, mirando aquelas catro paredes, onde o silencio das longas noites do inverno só se rompía coas cantarelas do Miño e os lamentos da curuxa, contándolle as inquedanzas e ilusións que aniñaban na mente de cando era neno, namentres contemplaban as ruínas daquel fermoso val do lugar onde nacera. Cantos recordos, canta sublimidade, canta ternura....! Pero faleceu en Madrid, hai uns dous anos. Miro as ruínas dese fogar, que el tanto amou. nesas intres, de impotencia, vivo a sensación de que tan encantadora parella está perto de min, Con moito cariño e agarimosa nostalxia prego a Deus por el, para que lle conceda a felicidade eterna e, a súa dona a necesaria fortaleza, para soporta-lo dó de tan lamentábel e irreparábel perda.

Río abaixo observo as augas do Miño, antano nidias e cristalinas, agora, alodadas, logo párome no pozo de Valdecán, unha fosa abisal que, según os veciños da zona, acadaba unha profundidade de dous adivais, cada un 17 brazas, equivalente, case a sesenta metros, en total. Sendo rapaz lémbrome que contaban moitas lendas, incluso os pescadores non se paraban a pescar nel, pola mala sona que tiña e, na superficie que ocupaba, as augas amosaban negras.

Unha mención especial merece unha xoia arquitectónica, a ponte Fortes, unha vítima máis de canto quedou mergullado. Fora construído na década dos corenta, agora, co embalse ó cinco por cen, completamente visible, fermosa estampa que, aínda que leva corenta e oito anos anegado, conserva a estrutura de cando se fixo, co ese aspecto máxico das obras ben feitas, amosa un enorme arco central, logo, en cada extremo, amosa tres arcos medianos e tres pequenos, en total, sete arcos. Na construción traballaron moitos presos políticos, a maiores de obreiros da zona, nunha



época na que o traballo se pagaba pouco. Lémbrome de que nesa época eu traballaba de pinche na construción desa estrada, de Rubián.

Don Xosé Fortes Pombo foi un personaxe que, os tempos en que se fixo a devandita ponte, tiña unha casa de comidas que gozou de moita fama en toda a comarca, sendo un referente na gastronomía taboadesa. Dicen que xogou un papel importante, para que esta obra se fixera. Cando lle dedicaron ese privilexio de que esa ponte a bautizaran co nome de “Ponte Fortes”, suponse que por algo sería.

Cando visito a zona onde se construíu a ponte un sentimento de solidariedade invade a miña mente, recordando o sufrimento de tanta xente, dunha maneira especial, aqueles presos que, na maior parte dos casos non tiñan experiencia nese tipo de traballo, e por ende, vítimas dunha guerra que eles non fixeran.

ANÉCDOTA.- Contáronme dun labrego que, por herdanza dos seus pais, posuía unha casa e uns eidos pequenos, pero fértiles, a beira do río Miño. Naquela casa nacera, era o fogar da familia, de profesión, campesiño, co seu esforzo mellorara substancialmente a propiedade, coas vaquiñas e con tódolos apeiros necesarios, sempre furgando na terra, esa actividade era a súa vida, non coñecía nada mellor, era un home feliz, na

compaña da súa dona e dos fillos, alí naceran e morreran os proxenitores, alí contaba morrer el. De pronto chegou o embalse de Belesar, había que deixalo todo, en canto se iniciou o mergullamento meteu tódolos apeiros de labranza dentro da casa, xa non lle valían de nada, cando xa a familia afastara, non desexaba que se decataran do estado de afluxamento, xa que choraba coma un neno pequeno, con moita fame, cando lle retiran a teta, namentres cerraba portas e ventás e, deseguida tirou da portada, pechou coa chave e botouna dentro da casa, para que ninguén puidera profanar a intimidade do seu lar, logo comezou a rubir socarros arriba, coas bágoas nas meixelas, coa sensación de que estaba asistindo o enterro da súa vida, o esforzo, as ilusións, as inquedanzas.....de tantos anos de felicidade, sufrimento, traballo, suor, bágoas,,,,,,,,,

Mira-la imaxe daquel home, tan abatido e meditabundo, sentado nunha mura, observando as augas que rubian ladeiras arriba, como engulían a seu pasado, presente, e condicionando o futuro da familia

*na
incertidume..... Había
tanto dramatismo naquela
triste situación que
resultaba,
verdadeiramente,
impresionante. Tanto dano
non se paga con nada!*

*Uhna vez máis o
capital que, sen
sentimentos, como ocorre
sempre, rexeita o valor
afectivo e aniquila aos que
menos teñen..*



Esta anécdota é coma un espello que reflexa a situación de tantas e tantas familias, vítimas do progreso. Para as grandes empresas a degradación do medio ambiente non existe.

Nestas terras da parroquia de Santa María de Castelo remato a miña visita, cando xa as maricas buscan refuxio na arboreda, para pasa-la noite.

*Eran as brisas do Miño
o frescor dunha caricia,
un pracer amorosiño
unha fonte de ledicia.*

Un capítulo da nosa historia quedou tapado, agora, accidentalmente, destapado, despois de tan longa profanación. A lembranza de cómo era todo aquilo e a contemplación de cómo é na actualidade, danme gañas de chorar. Canta vida mataron as augas asasinas! Rematadas as reformas que se fan, voltarán de novo, para seguir tapando esa parte do noso patrimonio.

A maior parte das persoas que forxaron os pobos das ribeiras do Miño, dende Portomarín a Belesar, xa faleceron. Eles foron protagonistas e vítimas; co suor de tanto esforzo, co seu sangue e coas bágoas de tanto dó, sumaron caudal, para obter máis enerxía.

A través da historia da humanidade nunca tanto se falou do medio ambiente, coma agora, e xamáis se atentou tanto contra el.

Sócrates Rigueira Ramos.